

Trasancos

Arciprestado da diocese mindoniense, unha das tres vigairías nas que se subdividía o arcediagado de Trasancos ata mediados do século XIX. Denominado unhas veces arciprestado ou vigairía de Trasancos e outras de Ferrol, incorporouse definitivamente ó territorio diocesano a primeiros do século XII e comprendía a totalidade do espazo dos actuais concellos de Ferrol, Neda e Narón, boa parte dos de Valdoviño e San Sadurniño e unha parroquia do de Miño, agrupando, segundo o momento, 39, 44 ou 47 freguesías.

Dependeu do cóengo dignidade de arcediago de Trasancos, da catedral de Mondoñedo, ata a supresión de tal dignidade en 1851. En 1855 este espazo deu lugar ó arciprestado de Trasancos-Ferrol.